



RESOLUCIÓN do 6 de novembro de 2025, pola que se aproba a puntuación global definitiva do proceso selectivo e se fai público o nomeamento da praza de titulado superior, xestor de proxecto, para a Axencia Galega de Innovación (proxecto QUORUM).

Convocado o proceso para a cobertura dunha praza de titulado/a superior, xestor/a de proxectos mediante Resolución do 05 de setembro de 2025 (DOG núm. 177, do 15 de setembro de 2025), de conformidade co punto 7 das bases da convocatoria e co artigo 76 da Lei 16/2010, de 17 de decembro

DISPOÑO:

Primeiro. Dar publicidade, como anexo a esta resolución, ás puntuacións globais definitivas dos/as aspirantes ao proceso para a cobertura dunha praza de titulado/a superior, xestor/a de proxectos.

Segundo. Autorizar, para o desempeño do posto de traballo de referencia, a contratación de Gloria Mallou Tato (**0935**).

A candidata seleccionada deberá presentar, no prazo de dez (10) días hábiles desde que se faga pública esta resolución, a documentación que se relaciona no punto 7.5 das bases da convocatoria. De non presentar a documentación requirida no prazo establecido ou se presentase a súa renuncia á contratación, resultará automaticamente seleccionado/a o/a aspirante segundo/a da orde prelación da lista, que deberá presentar, no prazo requirido, a documentación oportuna para formalizar esta contratación.

Procédese desta forma, en caso de falta de documentación en prazo ou renuncia, ata que un/unha candidato/a a presente validamente.

Terceiro. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Presidencia da Axencia Galega de Innovación no prazo de un (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que figura na marxe

A Directora da Axencia Galega de Innovación
Carmen Coteló Queijo





AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN





ANEXO

Puntuacións definitivas obtidas no proceso selectivo para a cobertura do posto de titulado/a superior, xestor/a de proxectos

POSTO: Titulado/a superior-xestor de proxectos

ANO DA CONVOCATORIA: 2025

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Resolución do 05 de setembro de 2025 (DOG núm. 177, do 15 de setembro de 2025)

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓNS		
	1ª FASE	2ª FASE	TOTAL
Gloria Mallou Tato	2,6	1	3,6
Inés González Piñeiro	0,2	1	1,2
María Roel Sánchez	0	1	1
Marta García Vázquez	0	0,5	0,5
Enrique Boquete Someso	excluído	-	-
Laura María Viñán Canosa	excluída	-	-
Nerea Casanova López	excluída	-	-
Juan Carlos Díaz Platas	excluído	-	-
Sabela Fiuza Dosil	excluída	-	-
Eugenia García Magaña	excluída	-	-
María Elisa Neiro Pena	excluída	-	-
José Pereira Cabezuelo	excluído	-	-
Miguel Ángel Pérez González	excluído	-	-
Mario Rodríguez Estebo	excluído	-	-
Laura Rodríguez Gesto	excluída	-	-
Rita Sánchez Mato	excluída	-	-

